

A VOZ DE
SANTIAGO CASARES QUIROGA



XOSÉ ALFEIRÁN RODRÍGUEZ
ANA ROMERO MASÍA

A VOZ DE
SANTIAGO
CASARES
QUIROGA

»» *Documentos para a súa autobiografía*
1884 - 1931

Santiago Casares Quiroga. 30-I-1907
[ARG. Familia Casares Quiroga. C-44903/80]

INSTITUTO DE ESTUDIOS CORUÑESES JOSÉ CORNIDE

1ª edición, decembro de 2020

© dos textos, os seus autores
© da presente publicación,
Instituto de Estudios Coruñeses José Cornide

Os dereitos de reprodución das imaxes están reservados
aos distintos arquivos e institucións das que proceden

Quedan prohibidos, dentro dos límites establecidos pola lei e baixo os apercibimentos legalmente previstos, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, xa sexa electrónico ou mecánico, o tratamento informático, o aluguer ou calquera outro xeito de cesión da obra sen a autorización previa e por escrito dos titulares do copyright.

Deseño: David Carballal estudio gráfico, s.l.
Impresión: Sgraf, s.l.

ISBN: 978-84-09-26328-8
Depósito legal: C-1657-2020

A DIFERENZA DOUTROS POLÍTICOS IMPORTANTES DA SÚA ÉPOCA, Santiago Casares Quiroga, coruñés, avogado, republicano de esquerdas, concelleiro, ministro e presidente de goberno da Segunda República española, non deixou por escrito as súas memorias. Non sabemos as razóns, e hai interpretacións de todo tipo. No entanto, podemos afirmar que a el non lle gustaba facer apoloxía de si mesmo. Mágoa, xa que carecemos da súa visión sobre cruciais acontecementos que lle tocou vivir e dos que foi o seu protagonista. Polo contrario, nas memorias e relatos dos demais predomina, agás algunhas excepcións, unha idea sobre el negativa, incluso pexorativa, que, en conxunto, móstrano como un ser enfermizo, sanguinario, indolente e ineficaz, causante do fracaso da Segunda República e dos males da España e da Galicia desa época.

Esta imaxe, forxada sobre unha amalgama de opinións procedentes dos seus inimigos e críticos políticos, desde falanxistas ata anarquistas, e de parte dos seus correligionarios republicanos e galeguistas, é a que divulgou a ditadura franquista, interesada en facer desaparecer a súa figura e todo o que el representaba: a burguesía republicana de esquerdas, progresista, culta e laica, sensible ás demandas sociais e defensora da modernización de Galicia e de España. Lamentablemente esta visión tópica, distorsionada, maledicente e falsa, é a que aínda hoxe predomina na sociedade e é a que moitas historias seguen divulgado, sen molestarse en contrastar esas opinións cos feitos realmente acontecidos e probados documentalmente. En cambio, as recentes investigacións realizadas polos historiadores están comezando a sacar á luz unha figura máis complexa e real, cos seus acertos e erros, de quen foi un dos personaxes máis relevantes da política coruñesa, galega e española do primeiro terzo do século XX.

Este libro non pretende ser unha haxiografía, nin unha biografía de Santiago Casares Quiroga; o que quere é buscar e recoller en arquivos e hemerotecas os testemuños coetáneos aos feitos nos que interveu para, por medio deles, rescatar a súa voz. Como na súa vida poden diferenciarse dúas fases claramente marcadas polo hiato histórico que significou o 14 de abril de 1931, e dado o elevado número de actividades nas que participou, nesta obra só abarcaremos o primeiro período, o que vai desde o seu nacemento en 1884 ata a súa apoteose en 1931, deixando para outra ocasión a inmensidade das súas actuacións durante a Segunda República.

O resultado da investigación, tras unha busca que tentou ser o máis exhaustiva posible, é unha ampla recompilación de documentos que reproducen integramente os seus escasos escritos conservados, manuscritos ou publicados, así como as verbas que pronunciou en mitins, asembleas ou conferencias recollidas, con maior ou menor extensión, pola prensa. Están relacionados exclusivamente coa súa vida familiar e política ata 1931, deixando á marxe toda a información existente sobre as súas actividades de avogado e administrador, así como sobre a súa xestión ordinaria como concelleiro coruñés.

Para unha mellor comprensión, eses documentos van precedidos e enlazados por un fío condutor cronolóxico-temático, no que procuramos precisar, con probas contrastadas polas fontes, as datas do acontecido e o seu contexto histórico. Intencionadamente procuramos non facer valoracións, nin rebater, nin sinalar os múltiples erros e falsidades divulgados pola historiografía. Queremos deixar que eses documentos, coas súas imperfeccións e parcialidades, sirvan para esbozar unha hipotética e razoablemente plausible autobiografía de Santiago Casares Quiroga no 70 aniversario do seu pasamento.

Índice

I	Santiago Casares Quiroga	13
1.1	Republicano de tres xeracións	13
1.2	Anos de formación	21
2	Na Universidade Popular coruñesa. 1906-7	27
3	Propagandista de Solidaridad Gallega. 1907-11	31
3.1	Os primeiros mitins: contra o caciquismo	31
3.2	Secretario das Asembleas Agrarias de Monforte	32
3.3	En defensa das sociedades agrarias e de <i>Solidaridad</i>	35
3.4	A apelación ás cidades e o mitin solidario de Monforte	42
3.5	Identificado con Saint-Just	45
3.6	En Madrid, pai solteiro e avogado	46
3.7	Perseverando no agrarismo solidario	51
4	Concelleiro e líder republicano coruñés. 1911-20	53
4.1	Concelleiro na Coruña	53
4.2	Avogado penalista na Coruña	54
4.3	Tratando a tuberculose en Francia	55
4.4	Traballando pola unidade republicana española	57
4.5	Derradeiro director do diario coruñés <i>Tierra Gallega</i>	62
4.6	Analista político: Contra os <i>semideuses da guerra</i> e a crise da democracia	63
4.7	Por unha política de cidadanía	69
4.8	Extirpar o caciquismo para redimir Galicia dos seus males	71
4.9	Dirixente do <i>Casino Republicano</i>	75
4.10	En defensa da municipalización dos servizos e duns orzamentos a favor do pobo	76
4.11	Anticlericalismo	89
4.12	Secretario do <i>Partido Republicano Español</i>	92
4.13	Revolucionario e masón	94
4.14	O inicio da rivalidade con Abad Conde	98
4.15	Fracaso do <i>Partido Republicano Español</i>	101
4.16	Propagandista republicano e das esquerdas	103
4.17	Polos orfos da guerra e a favor dos aliados	107
4.18	Unión e desunión dos republicanos coruñeses	109

4.19	Xenio vivo, lingua mordaz e irónica	121
4.20	Pola república e o proletariado obreiro e o campesiñado	123
4.21	Cesa como concelleiro	131
5	Un paso atrás. 1920-23	137
5.1	Cambios familiares	137
5.2	Un novo intento de unión: <i>Democracia Republicana</i>	143
5.3	Reflexionando como articulista	146
5.4	Un intento fallido: o <i>Partido Autonomista Gallego</i>	152
5.5	As candidaturas municipais das eleccións de 1922	153
5.6	Debatendo sobre o mesmo: quen nomea os candidatos	158
5.7	Vicepresidente do <i>Circo de Artesáns</i>	159
5.8	Socio do <i>Atlantic Hotel</i>	162
6	Máis que nunca, republicano. 1923-29	165
6.1	Polo ferrocarril eléctrico Coruña-Santiago	165
6.2	Reafirmación republicana	168
6.3	Tempos de silencio	169
6.4	Pola liberdade, dentro e fóra de <i>Alianza Republicana</i>	175
6.5	Cofundador da ORGA	180
6.6	Cara á conxunción das forzas galegas contrarias á ditadura	191
7	Loitando pola República. 1930-31	193
7.1	Contra a continuidade da ditadura	193
7.2	Impulsor do Pacto de Lestrove e da <i>Federación Republicana Gallega</i>	194
7.3	Aproveitando as ocasións	197
7.4	No Pacto de San Sebastián	203
7.5	Cos anarquistas e a favor da amnistía	205
7.6	Afirmación republicana	210
7.7	Membro do Goberno Provisional da República	212
7.8	Detido en Jaca	215
7.9	Preso no cárcere Modelo de Madrid	226
7.10	O consello de guerra contra os asinantes do Manifesto revolucionario	234
7.11	A apoteose de Santiago Casares Quiroga	235
7.12	A culminación dos esforzos	240
7.13	Por fin, a República	246
	Bibliografía	251

Dijo que se debe al pueblo y a sus electores, y servirá a La Coruña con todo el amor y el interés de que es capaz, sin que se le imponga el capricho de ningún jefe, ni el del mismo partido, pues llegado el caso de obrar contra su conciencia, renunciará al acta.

Santiago Casares Quiroga. 19-11-1911
[Verbas pronunciadas no *Casino Republicano* tras ser elixido como concelleiro na Coruña.
La Voz de Galicia, A Coruña, 20-11-1911]

Ahí tenéis a Santiago Casares Quiroga (gran ovación y vivas), dotado de gran talento para destacar en el foro y abandonando la toga para pregonar la buena nueva, sufriendo persecuciones y encarcelamientos, cuando por su posición podía vivir una vida regalada.

Doctor Enrique Hervada. 29-3-1931
[Verbas pronunciadas no mitin pro-amnistía celebrado no Teatro Rosalía da Coruña organizado pola *Confederación Regional Galaica*.
El Pueblo Gallego, Vigo, 1-4-1931]

Yo no suelo hacer la apología de mi mismo.

Santiago Casares Quiroga. 6-8-1931
[Diario de sesiones de las Cortes Constituyentes de la República española]

Casares Quiroga, Santiago
Grado de peligrosidad: Muy peligroso.
Conceptuación policial: Republicano de acción.
Dirección General de Seguridad. Ministerio de Gobernación. 8-3-1941
[Archivo Histórico Nacional. FC, Causa General 1500. Exp. 2-18371125]

Árbore xenealóxica de
Santiago Casares Quiroga

Matías Casares Blanco
(1816?-1878/81?)
Jacinta Paz Iglesias
(1819-1903)

Santiago Casares Paz
(1845-1920)

Rogelia Quiroga Moredo
(1850-1916)

Elisa Ceferina Josefa Casares Quiroga
(1875-1875)

Arturo (Ceferino José) Casares Quiroga
(1876-1903)

Cándida Arizaga Rodríguez
(1876-?)

(Santiago) Ceferino (José) Casares Quiroga
(1878-1894)

Argimiro Casares Quiroga
(1881-1882)

Esther Casares Quiroga
(1909-1969)

Esther Varela Casares
(1932-)

Enrique Varela Castro
(1898-1976)

Santiago Casares Quiroga
(1884-1950)

Gloria Pérez Corrales
(1893-1946)

María Victoria Casares Pérez
(1922-1996)

Manuel (María) Casares Paz
(1851-?)

María Pilar Parada

Balbino Casares Parada
(1882-?)

Felipe Casares Balduque

Concepción Balduque

Luis Isaac Casares Balduque
(1921-2017)

Leonardo José Casares Parada
(1884-?)

Francisca Casares Paz
(1853-1894)

(M^a del) Pilar (Inocencia) Casares
(1871-?)

Ruperto Rey Casares
(1890-1892)

Félix Martínez Tellado

Leopoldo Rey Casares
(1893-?)

José Casares Paz
(1857-1904)

Jesús Casares (1874-?)

Cristina Estrella Casares (1882-?)

Amelia Casares (1884-?)

María de las Nieves Casares (1885-?)

Benigno Casares (1888-?)

Rogelia Casares (1891-?)

Dolores Casares Paz
(1858-1887)

Estrella Crespo Casares
(1881-?)

Santiago Crespo Molina



Arturo, Santiago e Ceferino Casares Quiroga
[ARG. Familia Casares Quiroga. C-44903/26]

I Santiago Casares-Quiroga

SCQ naceu ás 10,30 da mañá do 8 de maio de 1884 na rúa Estreita de Santo Andrés, nº 6-3º, da Coruña. Foi o derradeiro fillo do matrimonio formado polo administrador de fincas e concelleiro republicano Santiago Casares Paz e Rogelia Quiroga Moredo.

1.1 | Republicano de tres xeracións

Yo, republicano de nacimiento, continuador de la labor de tres generaciones, que es mi mayor orgullo. Así o afirmou SCQ, desde o balcón da súa casa na rúa Panadeiras, agradecido polo recibimento e a homenaxe que milleiros de coruñeses lle fixeron o 28 de marzo de 1931, tras o seu retorno á cidade despois de estar preso en Jaca e Madrid polos intentos revolucionarios de proclamar a república en España [*El Orzán*, A Coruña, 29-3-1931]. No momento do seu máximo triunfo, lembraba a súa familia, revelando a súa importancia vital.

Mediante as notas necrolóxicas dos seus familiares publicadas na prensa e a consulta dos padróns municipais, no Arquivo Municipal da Coruña [AMC], e dos libros parroquiais coruñeses, no Arquivo Histórico Diocesano do arcebispado de Santiago de Compostela [AHDSC], podemos tentar reconstruír, aínda que non completamente, a súa árbore xenealóxica.

A primeira xeración: os avós paternos

As orixes da súa familia están nos arredores de Santiago, no concello de Touro. Aí naceron os seus avós paternos:

• Matías Casares Blanco:

- Nacemento: 22-11-1816?, San Fiz de Quión, Touro.
- Defunción: despois de 1877 e antes de 1882, na Coruña?
- Profesión: xastre [AMC. Padrón de 1872].

• Jacinta Paz Iglesias (ou de la Iglesia):

- Nacemento: 13-12-1819, Santa Uxía de Fao, Touro.
- Defunción: 27-6-1903, na Coruña, atropelada por un carro na baixada de María Pita á rúa Rego de Auga [*La Voz de Galicia*, A Coruña, 27-6-1903].
- Profesión: costureira [AMC. Padrón de 1872].

Das súas aldeas nатаis marcharon a Santiago, non sabemos cando, pero xa estaban en 1845 vivindo no barrio de Santa Susana, onde tiveron aos seus 5 fillos/as. Despois, entre 1865-67, migraron a Coruña, asentándose na rúa Cartuchos 8-1º cos tres fillos/as menores [AMC. Padrón de 1871], trasladándose máis tarde ao Campo da Leña 1-1º [AMC. Padrón de 1877]. Xa viúva, Jacinta viviría en diversos pisos das rúas Atocha e Cartuchos. Non temos constancia documental da participación de Matías en actividades políticas.

A segunda xeración: os Casares Paz

Naceron todos en Santiago, sendo o primoxénito o pai de SCQ:

• Santiago Casares Paz (ou de la Paz):

- Nacemento: 15-4-1845, Santiago, rúa do Pombal 13 [AHDSC. Libro de bautizados de Santa Susana de Santiago].
- Defunción: 23-6-1920, San Sebastián, ataque de apoplexía.
- Empadroadado na Coruña en 1868 e domiciliado na rúa Damas [AMC. C-8542].
- Non localizamos probas documentais da súa formación académica, agás que estudou na Escola de Belas Artes da Coruña, obtendo na materia de *Debuxo de figura*, premio no curso 1886-87 [*Diario de Avisos*, A Coruña, 3-3-1887] e mención no curso 1887-88 [*La Voz de Galicia*, A Coruña, 17-5-1888].
- Profesión: empregado particular, escribinte [padróns municipais], apoderado, curador [referencias na prensa], administrador de fincas [Anuario del comercio, de la industria, de la magistratura y de la administración. 1903, nº 1, p. 1610].
- Administrador de *Seguros mutuos de incendios de casas* da Coruña desde 1888.
- Secretario da Cámara de Comercio en 1900.
- Contador, en 1903, e secretario, desde 1904, da Cámara Agrícola da Coruña
- Socio do *Liceo Brigantino*.
- Membro destacado e dirixente do *Partido Republicano Federal* na Coruña; da *Unión Republicana* coruñesa, desde 1894; do *Partido Republicano Autónomo* coruñés, desde 1907, e do *Casino Republicano*.
- Membro das loxias masónicas *Brigantina nº 24* e *Gallaecia nº 408* co grao 18 e nome simbólico *Cicerón*.
- Participou na elaboración do *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Galaico*, asinado na Coruña o 24-5-1883, e no da *Constitución de la República Democrática Española*, aprobada na *Asamblea Federal de Española* reunida en Zaragoza o 10-6-1883.

- Concelleiro coruñés desde 1899 ata a súa morte.
- Alcalde republicano da Coruña en 1917.

• Manuel (María) Casares Paz:

- Nacemento: 13-12-1851, Santiago.
- Defunción: non documentada.
- Profesión: xastre [AMC. Padrón de 1874].
- Casado con María Pilar Parada.
- Tras residir na Coruña, trasladouse, despois de 1874, a vivir a San Sebastián.
- Fillos:

- * **Balbino Casares Parada** (12-3-1882 / ??) [Archivo Histórico Diocesano de San Sebastián. Parroquia San Vicente Mártir. Bautismos]
- Peón, afiliado a UGT e ao PCE [Centro Documental de la Memoria Histórica]
- Casado con Concepción Balduque, vendedora de peixe.
- Tiveron varios fillos; entre eles destacaron **Felipe Casares Balduque**, que foi garda municipal e despois tenente no Exército do Norte da República na guerra civil [Centro Documental de la Memoria Histórica], e **Luis Isaac Casares Balduque** (6-7-1921 / 26-8-2017), miliciano republicano no *Batallón Azaña*, exiliado e membro da Resistencia francesa, cunha rúa dedicada na cidade francesa de Fumel.
- * **Leonardo José Casares Parada** (30-9-1884 / ??) [Archivo Histórico Diocesano de San Sebastián. Parroquia San Ignacio de Loyola. Bautismos]

• Francisca Casares Paz:

- Nacemento: 9-3-1853, Santiago.
- Defunción: 25-6-1894, A Coruña, enterrada como pobre de solemnidade [AHDSC. Libro de defuntos de San Nicolás da Coruña].
- Profesións: costureira, sombreireira, tecedora [AMC. Padróns de 1871, 1882, 1886 e 1889].
- Viviu en diferentes pisos polo barrio das Atochas.
- Tivo 7 fillos/as naturais:

- * **(María del) Pilar (Inocencia) Casares** nacida o 26-12-1871; despois sería recoñecida polo seu pai, Manuel Rey, pasando a chamarse **Pilar Rey Casares**. Foi tecedora [AMC. Padrón de 1889] e tivo varios fillos naturais: **Ruperto Rey Casares** (26-12-1890 / 5-10-1892) e **Leopoldo**

Rey Casares (14-5-1893 / ??) [AHDSC. Libro de bautizados de San Nicolás da Coruña]. En 1899 casou con Félix Martínez Tellado, quen recoñeceu a seu fillo Leopoldo.

* **Jesús Casares** (23-1-1874 / ??), **Cristina Estrella Casares** (21-5-1882 / ??), **Amelia Casares** (18-6-1884 / ??), **María de las Nieves Casares** (18-12-1885 / ??), **Benigno Casares** (6-7-1888 / ??), **Rogelia Casares** (16-3-1891 / ??) [AHDSC. Libro de bautizados de San Nicolás da Coruña]. Todos eles deberon vivir moi pouco, pois ningún aparece nos rexistros dos padrons nos que está a súa nai.

• **José Casares Paz:**

- Nacemento: 8-12-1857, Santiago.
- Defunción: 4-11-1904, A Coruña, enterrado no cemiterio civil de Santo Amaro.
- Solteiro sen descendencia.
- Militar desde 1885 a 1902: soldado, cabo e sarxento.
- Títulos de Perito mercantil, en 1891, e Profesor mercantil, en 1893.
- Na Escola de Comercio da Coruña foi escribinte, desde 1888; profesor axudante interino, desde 1891; profesor axudante numerario, desde 1896, e secretario desde 1896 ata 1900 [CEDAR da Universidade da Coruña. Expediente de José Casares Paz].
- Catedrático numerario de *Álgebra, Cálculos mercantiles y Contabilidad general* da Escola Superior de Comercio de Alacante desde 1902.
- Membro do *Casino Republicano* coruñés.

• **Dolores Casares Paz:**

- Nacemento: 1-7-1858, Santiago.
- Defunción: 12-5-1887, A Coruña.
- Profesión: cigarreira [AMC. Padróns de 1877 e 1882].
- Casada, o 25-7-1856, con Santiago Crespo Molina, músico, con quen vive na rúa Atocha Alta, 4-2º e con quen tivo unha filla, **Estrella Crespo Casares**, nacida en 1881 [AMC. Padrón de 1882].

A terceira xeración: os Casares Quiroga

Santiago Casares Paz instalouse na Coruña pouco despois dos seus pais, en 1868 [AMC. C 8542], na rúa Damas 3-2º, onde traballou como empregado particular [AMC. Padrón de 1871]. Casou o 19 de xuño de 1873 [AHDSC. Libro de casados da igrexa de Santiago da Coruña, 1873] con:

• **Rogelia Quiroga (y) Moredó:**

- Nacemento: 18-12-1850, Santa María de Cambre.
- Defunción: 8-12-1916, Santa María de Cambre.

A familia ocupou diferentes domicilios: San Roque 24-2º [AMC. Padróns de 1874 e 1875], Orzán 24-2º [AHDSC. Libro de bautizados de San Nicolás da Coruña. 1876], Panadeiras 35-3º [AMC. Padrón de 1877], Angosta de Santo Andrés 4-3º [AMC. Padróns de 1882 e 1886], para asentarse finalmente na rúa Panadeiras 12. Esa casa foi comprada por Santiago Casares Paz e reedificada en 1886, con planta baixa, primeiro andar e buforda, segundo un proxecto do arquitecto Faustino Domínguez [AMC. C 471 (6)].

O matrimonio tivo cinco fillos [AHDSC, Libro de bautizados de San Nicolás da Coruña]:

• **Elisa Ceferina Josefa Casares Quiroga:**

- Nacemento: 17-7-1875.
- Defunción: 8-8-1875.

• **Arturo (Ceferino José) Casares Quiroga:**

- Nacemento: 2-8-1876, A Coruña.
- Defunción: 5-10-1903, A Coruña, tuberculose, bronco-neumonía ao mes de casar, enterrado no cemiterio civil de Santo Amaro.
- Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1896.
- Profesor interino de francés no Instituto da Coruña en 1899 [*Gaceta de Madrid*, 28-5-1899].
- Profesión: avogado.
- Defensor dos obreiros presos polas protestas do 31 de maio de 1901.
- Elocuente orador.
- Membro destacado do *Casino Republicano* e da *Antorcha galaica del libre pensamiento*.
- Casado, o 5-9-1903, con **Cándida Arizaga Rodríguez**, nacida o 1-8-1876 na Coruña.

• **(Santiago) Ceferino (José) Casares Quiroga:**

- Nacemento: 26-7-1878, A Coruña.
- Defunción: 2-2-1894, A Coruña, tuberculose, asfixia e parálise bronquial tras fumar un pito [*La Voz de Galicia*, A Coruña, 4-2-1894].



Santiago Casares Paz
[ARG. Familia Casares Quiroga. C-44903/57]



Rogelia Quiroga cos seus fillos
Arturo e Santiago Casares Quiroga
[ARG. Familia Casares Quiroga. C-44903/82]

• **Argimiro Casares Quiroga:**

- Nacemento: 30-6-1881.
- Defunción: 26-10-1882.

• **Santiago Casares Quiroga:**

- Nacemento: 8-5-1884, A Coruña.
- Defunción: 17-2-1950, París.
- Contador de comercio en 1902 e Contador mercantil en 1916.
- Licenciado en Dereito pola Universidade Central de Madrid en 1910.
- Profesións: avogado, administrador.
- Concelleiro coruñés, ministro e presidente de goberno da II República.
- Socio, e membro de directivas, de diversas sociedades coruñesas: Casino Republicano, Circo de Artesáns, Cámara da Propiedade, Cámara de Comercio, Sociedade de Fomento de Turismo, Cooperativa Militar e Civil, Asociación de Consignatarios...
- Membro das loxas masónicas Hispano América nº 379, Gallaecia nº 408 e Suevia nº 4, co nome simbólico Saint-Just.
- Tivo unha filla de nai descoñecida:
 - * **Esther Casares Quiroga:**
 - Nacemento: 10-7-1909, Madrid.
 - Defunción: 1-10-1976, México.
 - Casou o 3-7-1931 en Madrid co capitán coruñés Enrique Varela Castro.
 - Tiveron unha filla: **Esther Varela Casares** nacida o 1-4-1932 en Madrid.
- Casado o 27-10-1920 con Gloria Pérez Corrales coa que tivo unha filla:
 - * **María Victoria Casares Pérez:**
 - Nacemento: 21-11-1922 na Coruña.
 - Defunción: 20-11-1996, Alloué, Francia.
 - Actriz.

A repetición nos nomes de Ceferino/a e José/fa nos primeiros irmáns de SCQ debeuse a que o seu padriño foi Ceferino Martínez Carballo e a súa madríña Josefa Moredo González, tia materna da súa nai Rogelia; ámbolos dous eran veciños da Coruña, falecendo respectivamente en 1882 e 1894 [*La Voz de Galicia*, A Coruña, 18-6-1882 e 24-10-1894]. Josefa Moredo foi a nai do xeneral José Pulleiro y Moredo

1.2 | Anos de formación

Tras aprobar o exame de ingreso, en xuño de 1894, SCQ comezou o seus estudos de bacharelato no Instituto da Coruña. Despois dos cinco cursos de rigor, con notas altas en todas as materias, en xuño de 1900 aprobou os exames de grao, obtendo o título de bacharelato. O seu expediente académico consérvase no arquivo do Instituto Salvador de Madariaga da Coruña e tamén existen varias certificacións oficiais nas que podemos ver a súas notas.

Xa durante o bacharelato, SCQ cursou as materias de idiomas -francés e inglés- na Escola de Comercio da Coruña, en lugar de facelo no Instituto. Despois, durante os cursos 1900-1 e 1901-2, realizou nela os estudos elementais de Comercio. Non se conserva o expediente que tivo en dita escola, pero podemos reconstruílo grazas ás noticias da prensa.

Estudos de Bacharelato de SCQ

Curso	Materias	Cualificación	Premios
<i>Instituto da Coruña</i>		Xuño	Setembro
Exame de ingreso. 23-6-1894		Aprobado	
1895-96	Latín y Castellano 1 Geografía	Sobresaliente Sobresaliente	
1896-97	Latín y Castellano 2 Aritmética y Álgebra Historia de España	Notable Ben Sobresaliente	Mención
1897-98	Gimnasia 1 Geometría y Trigonometría Historia Universal	Notable Notable Sobresaliente	Premio
1898-99	Gimnasia 2 Física y Química Retórica y Poética	Sobresaliente Sobresaliente Sobresaliente	Mención
1899-1900	Psicología Lógica y Ética Historia Natural y Fisiología Agricultura	Sobresaliente Sobresaliente Sobresaliente	Premio
<i>Escola de Comercio da Coruña</i>			
1897-98	Francés 1	Aprobado	
Ens. libre	Francés 2		Notable

1898-99 Ens. oficial	Inglés 1	Notable
Exames de Grado de Bacharelato. 28-6-1900		
1º exercicio		Sobresaliente
2º exercicio		Aprobado

[Elaboración propia. Archivo do Instituto Salvador de Madariaga.
Expediente de estudios de Santiago Casares Quiroga]

Escola de Comercio da Coruña. Estudos de Contador de comercio de SCQ

Curso	Materia	Cualificación	[<i>La Voz de Galicia</i> , A Coruña]
1900-1	Inglés 2º curso	Aprobado	[5-6-1901]
	Aritmética y cálculos	Aprobado	[10-6-1901]
	Geografía y estadística	Aprobado	[12-6-1901]
	Economía política	Aprobado	[12-6-1901]
1901-2	Teneduría de libros y prácticas mercantiles	Aprobado	[30-5-1902]
		Pendente de	[30-5-1902]
	Rudimentos de Derecho	cualificación	[5-6-1902]
	Elementos de Derecho mercantil	Notable	[5-6-1902]
	Elementos de Derecho	Sobresaliente	
Exame de reválida.		Aprobado	[26-6-1902]
Grao de Contadores de comercio			

Aprobadas as materias e superados os exames de reválida, en xuño de 1902, SCQ obtivo o título de Contador de comercio (plan de estudos de 1901). Esa foi a súa primeira profesión e así consta como *comercio*, no apartado corresponde do Padrón municipal de 1904.

Despois diso, coñecemos moi pouco da súa vida ata maio de 1905. Pola nota necrolóxica do seu irmán Arturo sabemos que está ausente da cidade no momento da súa morte, o 5 de outubro de 1903. E o Padrón municipal de 1904 infórmanos que reside en Suíza. Descoñecemos desde cando estaba alí e os motivos. Seguindo as referencias dadas por María Casares, na súa autobiografía *Residente Privilexiada*, pénsase que estivo na cidade de Bienne, ou Biel en alemán, no cantón de Berna, así parece confirmalo unha postal retrato dedicada polo seu amigo Teobaldo, asinada en Biel o 20 de xuño de

1903 [Archivo do Reino de Galicia. Familia Casares Quiroga. C 44.901]. O lugar coñecía ben e a el volvería máis tarde nos veráns de 1922 e 1938. Tamén considérase que alí compatibilizaría o tratamento da súa tuberculose cos estudos, pero non atopamos constancia documental. A eles parece referirse SCQ nun discurso, pronunciado en marzo de 1922 no *Circo de Artesáns*, durante un banquete ofrecido a catedráticos da Universidade de Santiago.

Un banquete en la «Reunión e Artesanos»

El Sr. Casares Quiroga [...] Habló de las Universidades extranjeras en que cursó sus estudios, y dijo que en ellas el estudiante no encontraba la frialdad de que se le rodea en las españolas, y añadió que lo menos que se puede pedir es que los escolares blancos o rojos salgan de las Universidades vibrantes de entusiasmo por la casa solariega y no claustrales, inertes, como lo hacen actualmente.

[*La Voz de Galicia*, A Coruña, 14-3-1922]

Lamentablemente, o periódico non precisou onde os realizou.

Tras a súa estancia no estranxeiro, SCQ iniciou os seus estudos na Facultade de Dereito da Universidad Central de Madrid. O 16 maio de 1905 solicitou, xa na capital, matricularse e ser examinado por libre das tres primeiras materias. Os cursos seguintes faríalos por ensinanza oficial, agás o de 1908-09 debido a súa implicación nas campañas de propaganda agrarista relacionadas co movemento de *Solidaridad Gallega*. Tras aprobar todas as materias e o exame de grao, obtivo o título de Licenciado en Dereito o 26 de xullo de 1910.

Universidad Central de Madrid. Estudos de Dereito de SCQ

Curso	Materias	Cualificación	Exames
1904-5 Ensinanza non oficial	Lengua y literatura	Notable	Xuño
	española	Sobresaliente	«
	Lógica fundamental Historia de España	Sobresaliente	«
1905-6 Ensinanza oficial	Elementos de Derecho	Notable	Ordinarios. Xuño
	natural	Sobresaliente con opción	«
	Derecho romano	a matrícula [concedida ao ano seguinte]	«
	Economía política	Sobresaliente	

1906-7 Ensinanza oficial	Historia general del	Sobresaliente	Ordinarios. Maio
	Derecho	Aprobado	«
	Instituciones de Derecho canónico	Notable	«
	Derecho político		
1907-8 Ensinanza oficial	Derecho civil 1º	Notable	Extraordinarios.
	Derecho penal	Aprobado	Setembro
	Derecho administrativo	Notable	Ordinarios. Maio «
1908-9 Ensinanza non oficial	Derecho civil 2º	Suspenso	Setembro
	Procedimientos judiciales	[non presentado]	
	Hacienda pública	Aprobado	»
	Derecho internacional público	Aprobado	«
1909-10 Ensinanza oficial	Derecho civil 2º	Aprobado	Ordinarios. Maio
	Procedimientos judiciales	Sobresaliente	«
	Derecho mercantil	Sobresaliente	«
	Práctica forense	Notable	«
	Derecho internacional privado	Sobresaliente	«
Exames de grao de licenciado en Dereito		Aprobado	20-6-1910
Título de licenciado en Dereito expedido o 26-7-1910			

[Elaboración propia. Archivo de la Universidad Complutense.
Expediente académico de Santiago Casares Quiroga]

Moito máis tarde, temos constancia que, no curso 1914-15, SCQ matriculouse e examinouse por libre na Escola de Náutica da Coruña das materias de Alemán (1º e 2º), Mecánica aplicada e Lexislación mercantil especial marítima que formaban parte das ensinanzas para a obtención do grao de piloto do plan de 1913 [*El Noroeste*, A Coruña, 29-9-1914].

Non sabemos se continuou estes estudos e tampouco o que estaba facendo neses momentos na Escola de Comercio. Só coñecemos que pediu o 14 de agosto de 1915 unha certificación á Escola de Náutica de ter aprobado o Alemán (1º e 2º) para darlle validez na Escola de Comercio [CEDAR da Universidade da Coruña. Expediente de SCQ]. Moi posiblemente, debido aos continuos cambios normativos que houbo nos estudos de Comercio en España a co-

mezos do século XIX, SCQ estaría realizando a habilitación para obter o título de Contador mercantil que lle sería entregado en maio de 1916 [*El Progreso*, Pontevedra, 12-3-1916]. Seguramente fíxoo para ser nomeado administrador, sucedendo a seu pai, da sociedade de *Seguros Mutuos de incendios de casas* da Coruña, con oficinas na rúa Panadeiras 56, o 16 de xuño de 1916.



Santiago Casares Quiroga. 15-9-1904
[ARG. Familia Casares Quiroga. C-44903/5]

2 Na Universidade Popular coruñesa. 1906-7

Nada sabemos da posible participación de scq en actividades políticas ou públicas antes de 1906. Nese ano, o 5 de setembro, aparece [*La Voz de Galicia*, A Coruña, 6-9-1906] como signatario do manifesto fundacional da Universidade Popular da Coruña xunto con outros universitarios da clase media e ilustrada coruñesa e de diferentes tendencias político-relixiosas nados na década de 1880. Con afán rexeneracionista, buscaban mellorar a formación intelectual da clase traballadora coruñesa mediante a impartición de cursos e conferencias.

La Universidad Popular

Obra de cultura

Las grandes diferencias entre los hombres son hechos de todos los tiempos y de todos los pueblos; pero son hechos deplorables que nunca deben constituir argumentos en contra de la conquista de un ideal redentor. Todos los males sociales son viejos en la historia y nuevos en el momento que existen y para los hombres que los sufren. También ha sido constante la lucha contra ellos. Y en la lucha ha habido de todo. El pueblo lo sabe: tiene noticias de grandes revoluciones, de asombrosos progresos que modificaron súbitamente una sociedad y una civilización y de fuertes y antagónicas teorías que sostuvieron y sostienen algunos con su pluma y muchos con sus brazos.

Después de todos los intentos, después de todas las batallas, subsiste un modelo de fraternizar a los hombres: *la educación*. Sin duda alguna la cultura, el conocimiento de la vida y de sus causas, el recuerdo de otras edades y una instrucción moral y filosófica, son las mejores armas en la lucha por la existencia. Lo peor de la pobreza es la ignorancia que la acompaña. Es necesario saber. En un mundo de hombres sabios no podrían existir las miserias y las desigualdades de hoy. Saber equivale a ser consciente y de enérgica voluntad. Conforme nos acerquemos al ideal y los pueblos se vayan educando, irán aminorándose sus pesadumbres.

El que pide, el que reclama, debe saber por qué pide, por qué reclama. Si cree tener enemigos ha de poder señalarlos directamente y debe siempre, constantemente, mirarse a sí mismo para ver en cuanto de sí propio dependen sus desgracias. Suponed toda la justicia de una parte y el crimen de otra es desconocer en absoluto la naturaleza humana.

Hablar de lo que hacemos es hablar un lenguaje de verdad. No queremos arrastrar a nadie con promesas ardorosas ni con frases sonoras. La *Universidad popular* no se propone otra misión que *la de intentar el mejoramiento intelectual* del pueblo, bien segura de las ventajas materiales que tal mejoramiento reporta.

La Universidad popular es una institución libre. No depende del Estado, ni de ningún partido o tendencia política. La *Universidad Popular* depende de la voluntad de sus asociados y para asociarse a la *Universidad Popular* en su labor activa de educación basta con demostrar que se poseen conocimientos dignos de ser transmitidos al pueblo.

La *Universidad Popular* no tiene jefe, ni junta directiva, ni domicilio social. Es absolutamente autónoma, y cada uno de sus miembros puede exponer con entera libertad las teorías que le plazcan, aunque por *acuerdo espontáneo* han convenido en *apartarse por completo de la política*.

La *Universidad Popular* no tiene matrículas, ni cédulas de inscripción. Son alumnos de ella cuantos deseen asistir a sus explicaciones.

También por acuerdo espontáneo de sus miembros la *Universidad Popular* ha desterrado de sí la oratoria. La *Universidad* no busca lucimientos personales ni pretende éxitos periodísticos ni burocráticos. Los miembros de la *Universidad Popular* prepararán sus cursos y conferencias para desarrollarlos en tono sencillo, de conversación, ante un público voluntario, pequeño o grande.

La *Universidad Popular* procurará abarcar la mayor cantidad de conocimientos en sus explicaciones. Como consta de regular número de socios no hay orgullo en decir que sus enseñanzas tendrán un carácter enciclopédico.

La *Universidad Popular* funciona en Madrid y en Barcelona con fortísimo impulso. Las distintas *Universidades Populares* no tienen más lazo que el de la misma idea que las informa. El número de alumnos de ambos sexos, de diferentes edades y de todos los oficios -puesto que predomina el elemento obrero para el que, preferentemente, se han creado las *Universidades Populares*-es grandísimo. Este mismo impulso puede tener la *Universidad Popular* en La Coruña, *si el pueblo coruñés lo quiere*.

Enrique Hervada, Arturo Senra, Cayetano Martínez, Fernando Martínez Morás, Mario Ruiz de Baro, Wenceslado Fernández Flórez, Gerardo Abad, Gervasio Iglesias, Ramón Tenreiro, Juan Beltrán, Enrique Álvarez, Benito Virgilio Anguiano, Manuel Monteagudo, Sergio Andión, Santiago Casares, Francisco Añino, Ángel Castillo, Ignacio Loureda, Manuel Durán Gacía, Joaquín Martín Martínez y Alberto Álvarez Insua.

[*La Voz de Galicia*, A Coruña, 6-9-1906]

scq, con 22 años, e de ideario republicano federal, como toda a súa familia, deu varias conferencias na sede do sindicato anarquista *La Emancipación*.

Conferencias dadas por scq na Universidade Popular

19-9-1906: *El origen del hombre*

18-12-1907: *Historia de las Asociaciones obreras en España*

29-12-1907: *Historia de las Asociaciones obreras en España*

5-1-1908: *Historia de las Asociaciones obreras en España*

[Universidad Popular de La Coruña.

Memoria del curso 1907-1908. A Coruña, 1908]

En la sociedad de carpinteros *La Emancipación* dará esta noche, a las ocho, una conferencia el joven de la *Universidad popular* don Santiago Casares Quiroga, quien desarrollará el tema *El origen del hombre*.

[*El Noroeste*, A Coruña, 5-12-1907]



Santiago Casares Quiroga
[ARG. Familia Casares Quiroga. C.-44903/11]

3 Propagandista de *Solidaridad Gallega*. 1907-II

O 17 de xullo de 1907 na Coruña, un pequeno grupo de personalidades de diferentes ideoloxías, influídas polo éxito da súa homónima catalá, decidiron fundar *Solidaridad Gallega*. [El Noroeste, A Coruña, 19-7-1907]. As súas aspiracións eran afirmar a personalidade de Galicia, lograr unha ampla descentralización, combater o caciquismo e conseguir mobilizar á masa neutra campesiña co obxectivo de conseguir o seu voto e cambiar o sistema vixente na España da Restauración borbónica. Desde as súas orixes constituíuse como un movemento de confluencia no que formaron parte tradicionalistas, rexionalistas e republicanos federais galegos baixo a dirección do avogado Rodrigo Sanz.

Aínda que non está entre os asinantes do manifesto fundacional de *Solidaridad Gallega* publicado en setembro dese ano, SCQ, compatibilizando cos seus estudos de Dereito en Madrid, participou activamente no movemento desde os seus comezos. Nese mes de setembro xa forma parte da Comisión de propaganda [El Noroeste, A Coruña, 15-9-1907] e é vogal na directiva da Xunta local solidaria da Coruña presidida inicialmente polo republicano federal Segundo Moreno Barcia [El Noroeste, A Coruña, 5-12-1907] e despois por Rodrigo Sanz [El Eco de Galicia, A Coruña, 28-2-1910]. Ademais, tamén seu pai, o concelleiro republicano coruñés Santiago Casares Paz, apoiará a *Solidaridad*.

3.1 | Os primeiros mitins: contra o caciquismo

No 1908, durante as súas vacacións universitarias, SCQ fixo propaganda do ideario solidario nos mitins celebrados en Cañás (14-6-1908), Sada (12-7-1908), As Somozas (19-7-1908), Bergondo (26-7-1908), Sober (30-8-1908), Narón (6-9-1908), Moeche (8-9-1908), Buño (8-12-1908) e Coristanco (20-12-1908). Foron os seus primeiros mitins e neles atacou ao caciquismo e avogou polo asociacionismo agrario.

Mitin solidario en Cañás

Concurrieron los vecinos de las ocho parroquias del término municipal, a los cuales dirigieron la palabra los Sres. Ares, presidente de la sociedad de labradores de Carral, y Doval Otero, de la misma sociedad, y los Sres. Casares, Andiñón, Seijo, Lu-

grís, Gradaille, Martín y Sanz, del Centro Solidario de la Coruña, a quienes acompañaron los señores Carré y Díaz Aguiá.

Después del mitin, en el que se tronó contra el caciquismo y se expusieron las ventajas de la asociación, se celebró una reunión con doce labradores cabezas de casa en Cañas y san Vicente de Vigo, en la cual reunión se acordó crear una Caja rural.

[El Noroeste, A Coruña, 16-6-1908]

Propaganda solidaria. Mitin en Sada

El domingo, de cinco a seis y media de la tarde, se celebró en la Plaza del Conde de la villa de Sada, un mitin organizado por la junta solidaria gallega, de la Coruña.

La concurrencia fue tan numerosa que las 800 cartillas solidarias que se repartieron alcanzaron solo para una tercera parte de la gente que llenaba la plaza. Figuraban entre los concurrentes muchísimas mujeres.

Hablaron los Sres. LUGRÍS, Casares Quiroga, Andiñ, Castillo y Sanz, a los cuales oyó el público con atención e interés aplaudiendo sus disertaciones.

Reinó en el mitin el mayor orden.

[El Noroeste, A Coruña, 14-7-1908]

3.2 | Secretario das Asembleas Agrarias de Monforte

Desde comezos de 1908, propiciada pola Sociedade de agricultores de Teis, desenvolveuse unha intensa campaña en pro da redención forzosa dos foros. Tras a celebración de diferentes mitins en distintos lugares de Galicia acordouse a celebración dunha asemblea, aberta a todas as sociedades agrarias, en Monforte o 15 e 16 de agosto para tratar sobre a federación de ditas sociedades e chegar a acordos sobre as demandas campesiñas. Representando ao Centro Solidario da Coruña acudiron, entre outros, Rodrigo Sanz, SCQ e José Gradaille [El Noroeste, A Coruña, 12-8-1908]. A presenza dos solidarios dividiu aos asistentes, provocando a retirada de delegados de diferentes grupos, en especial da *Unión Campesina* da Coruña, de influencia anarquista. Os solidarios fixéronse co control da asemblea sendo nomeados Sanz, presidente, e SCQ, secretario. Ámbolos dous repetirían nos mesmos cargos na Segunda Asemblea Agraria, do 13 ao 15 de agosto de 1910 [El Correo de Galicia, Santiago, 17-8-1910. *Diario de Galicia*, Santiago, 18-8-1910], e na Terceira Asemblea do 13 ao 15 de agosto de 1911 [La Voz de Galicia, A Coruña, 15-8-1911], celebradas tamén en Monforte. Poucos datos temos do labor de SCQ nesas asembleas, aínda que sabemos que interveu nas discusións e que posteriormente sería loada a súa actuación.

[Segunda] Asemblea Agraria de Monforte

Por unánime voto de la Asemblea, presidió nuestro Director y Presidente del Centro Solidario de La Coruña D. Rodrigo Sanz. Constituyeron con él la Mesa los señores D. Francisco Pérez, presidente de la Federación agraria de Orense, como vicepresidente; D. Manuel LUGRÍS, por las sociedades de La Coruña; D. Santos García, por la de Pontevedra; D. Juan Méndez por la de Lugo; D. Ricardo Picouto, por la de Orense; D. Santiago Casares Quiroga y D. Victorino Rodríguez, secretarios. [...]

Entidades representadas y adheridas: [...] Sociedad de agricultores de Ares-Camouco, por D. Manuel LUGRÍS y D. Santiago Casares Quiroga. [...] *Solidaridad Gallega*, semanario de La Coruña, por D. Santiago Casares Quiroga. [...] Sociedad de agricultores de Cambre por D. Santiago Casares Quiroga.

[Solidaridad Gallega, A Coruña, 22-8-1910]

[Segunda] Asemblea Agraria de Monforte

[...] LA SESIÓN NOCTURNA. HACIA EL FINAL

Puntuales como un solo congresista, asistieron todos a ella, gritando ¡Viva Galicia! Con el bocado todavía en la boca.

LOS CONSUMOS [...]

LA EMIGRACIÓN

Se propone por los señores Tenreiro, Andiñ, LUGRÍS y Casares, que las Sociedades Agrícolas de Galicia acentúen sus relaciones con las Sociedades gallegas de las Américas, a fin de que nuestros paisanos que emigran no vayan desamparados de tutores.

Mediante esta fraternal y recíproca inteligencia, se podría indicar a los que se van, las condiciones del trabajo, el sitio en donde podría hallarlo, etc. [...]

Se acuerda aprobar la proposición, para desarrollarla en las demás Repúblicas americanas.

[La Voz de Galicia, A Coruña, 16-8-1910]

[Terceira] Asemblea de Monforte

[Primeira sesión] Son nombrados secretarios el activísimo Santiago Casares, compañero incansable de Rodrigo Sanz y como él, alma de todo este movimiento.

[Segunda sesión] Casares interviene sobre «la manera de combatir el régimen fiscal y económico que, utilizando el arancel, han impuesto en España acaparadores e industriales de determinadas regiones y que tanto perjudica a la región gallega. [...] El Sr. Casares, de la Coruña, recuerda que presentó a la Asemblea una proposición relacionada con este asunto.

[La Región, Ourense, 17-8-1911]



Asembleistas destacados na *Tercera Asamblea Agrícola de Galicia* en Monforte. Santiago Casares Quiroga sentado, terceiro desde a esquerda, a carón do presidente da asemblea Rodrigo Sanz. 15-8-1911 [Vida Gallega, Vigo, nº 31, agosto 1911]

Cuarta Asamblea Agrícola

Es muy lamentable la ausencia de Casares, que tan buen secretario hizo en las tres asambleas de Monforte.

[La Región, Ourense, 10-II-1912]

3.3 | En defensa das sociedades agrarias e de *Solidaridad*

A crecente mobilización agraria suscitou a polémica e o debate na prensa da época. SCQ, desde Madrid, interveu para defender e explicar o asociacionismo agrario así como a acción solidaria e da Primeira Asamblea de Monforte. Foron os seus primeiros artigos periodísticos e neles insistiu na crítica dos abusos do caciques galegos, na necesidade do exercicio dos dereitos cidadáns, resaltando entre eles o voto, para lograr a emancipación do dominio caciquil, na importancia que tiveron na orixe das sociedades agrarias os retornados de América e no programa político e técnico que caracterizaba a *Solidaridad Gallega*, así como o significado que tivo a Primeira Asamblea de Monforte.

Agitación en Galicia. Ni tanto, ni tan poco

De agradecer es -y nosotros se lo agradecemos mucho- a Dionisio Pérez y a Enrique Amado, escritores ambos de merecida nombradía, que se hayan preocupado de nosotros y hayan sacado a la luz los trabajos de la Solidaridad gallega, que hasta ahora había laborado en silencio y sin que en las mismas ciudades de Galicia hallase eco alguno.

Pero sin duda por haber visto el movimiento muy de cerca y con acopio de datos, el uno, y acaso por falta de esos datos y sobra de escepticismo, el otro, ambos distinguidos escritores han extremado su juicio sobre nuestra campaña. Considerándola Dionisio Pérez como el rojo alborar de un día de sangre, y Enrique Amado como una de tantas expansiones de los oprimidos, cuyos aullidos de dolor no pueden considerarse como precursores de resoluciones de la voluntad.

Ni tanto, ni tan poco. Ni movimiento de rebeldía ciega, que todo lo atropella y lo arrolla todo, ni simple alarido sin más consecuencias que algún correctivo impuesto a los alborotadores: de ahí que tan hiperbólico sea el título de *Un peligro en Galicia* con que encabeza su editorial *El Imparcial* del día 17, como equivocado el encabezamiento de otro artículo titulado *El cacique está tranquilo...*, publicado en la revista *Faro*, de esta semana.

Y para que las cosas queden en su debido lugar y el público pueda saber a qué carta quedarse, forzoso es que los solidarios gallegos intervengamos en esta labor informativa, dando a conocer cuáles son nuestras tendencias y cuáles nuestros

adelantos. De aclaración, pues, y no de controversia. Han de ser estas líneas, ya que se trata de exponer hechos y no de juzgar conductas.

Pujante y rápido como pocos es el movimiento solidario en Galicia. Continuamente se reciben en el Centro solidario de la Coruña peticiones de mitins para constituir nuevas sociedades agrícolas, y de día en día aumenta el número de socios en las ya constituidas. La razón de este avance tan decidido está, de un lado, en la oportunidad de nuestra campaña; de otro en la bondad y pureza de nuestra doctrina.

El momento para empezar nuestra propaganda no pudo ser mejor elegido. Los abusos enormes, inconcebibles, de los caciques gallegos, habían llegado al colmo. Por sujetar el voto, que les da su fuerza, ataban totalmente la vida del labriego, negándole la instrucción, oponiéndose a toda mejora agrícola, manteniéndole en absoluta ignorancia de sus derechos de ciudadano, negándole la justicia en sus reclamaciones, agobiándole con los foros, robándole con los consumos... Y así, en esta constante sumisión, pasó muchos años el labrador gallego, y el dominio del cacique, que empezaba en la vida política, usurpando el voto, llegaba hasta la vida familiar, robándole el pan con los pactos usurarios.

La única salvación para el hombre decidido era América. Y al cabo de tantos años de emigración, el remedio para estos males nos viene de América con los repatriados.

No fue, como afirma Dionisio Pérez, la vuelta de los revoltosos, de los desafortunados e inquietos, lo que determinó el salvador movimiento. Por el contrario, la reinmigración de los hombres enérgicos y serios, de voluntad firme y resolución sensada, fue lo que dio origen a las primeras Sociedades agrícolas, creadas por aquellos hombres que por haber vivido bajo un régimen de libertad ya no podían someterse al yugo caciquil, y que, por mantener una posición independiente, conquistada con un trabajo constante, podían hacer frente al poderío del señor feudal aldeano.

Y cuando los repatriados, ansiosos de reanimar a la madre Galicia, empezaban en el campo la labor de unión de los labriegos, fue cuando surgió en la ciudad, a ejemplo de la catalana, la Solidaridad gallega.

A ejemplo de la catalana. Sirva esto de respuesta a la afirmación que Dionisio Pérez hace al decir que entre ambos movimientos regionales «no hay punto de contacto ni semejanza ni afinidad alguna».

Ya en nuestro *Manifiesto* lo decíamos: «ejemplo y no ejemplar, ocasión y no modelo, entendemos que debe ser para las demás regiones la Solidaridad catalana. De ella -y lo mismo diríamos de otra cualquiera- tomamos ejemplo, ánimo, resolución... y muy poco más». Eso es lo que hemos hecho desde el principio y ese es el punto de contacto nuestro con la Solidaridad catalana.

Inspirándonos en el esfuerzo de la región hermana, admirando la pujanza de Cataluña, pidiendo a los catalanes que pusieran en Galicia el primer jalón de la campaña regeneradora, fue como nació la Solidaridad gallega; a orgullo lo tenemos.

Ahora, en los problemas cuya resolución perseguimos, en los procedimientos que para ello usamos, ¿cómo han de parecerse en nada ambos movimientos? Unión de partidos políticos transitoriamente para conseguir determinados fines, en la Solidaridad catalana. Unión de hombres honrados y amantes de su país, llámense como quieran en política y en religión, para la persecución del constante adelanto de Galicia, es la Solidaridad gallega. La una desaparecerá -el mismo Cambó ha dicho que es de desear que desaparezca- tan pronto como haya resuelto los problemas que determinaron su formación; la otra no es fácil que muera en plazo breve: que el camino del progreso es infinito y siempre habrá una mejora por la que luchar.

No hay, pues, semejanza entre las dos Solidaridades. Pero hay, sí, afinidad que establecen unas relaciones de hermandad no desmentida desde que una de las entidades ha nacido inspirándose en la resuelta voluntad de la otra.

Dije que la bondad y pureza de nuestra doctrina es también causa de nuestro enorme avance. La bondad la comprenden todos los que conocen nuestra propaganda. El voto es lo que hace que aquí empiecen a preocuparse de nosotros, cuando, cabalmente, el voto es para nosotros cosa accidental, necesario únicamente porque entra en la educación ciudadana que predicamos a los labriegos y porque es necesario arrancarlo de mano de los caciques para que nuestras asociaciones puedan vivir.

Mejoras agrícolas, fomento de la ganadería, desarrollo de las pequeñas industrias del país, fundación de cajas rurales, creación de escuelas de todas clases, reglamentación de la corriente emigratoria, haciendo una fuente de riqueza lo que hoy es una desdicha...: he ahí nuestra constante predicación, la base de nuestra campaña, lo que quedará siempre... Emancipación del dominio caciquil por el ejercicio de los derechos ciudadanos, entre ellos el del sufragio; he ahí lo que ahora nos da importancia, lo *más urgente* (no lo más importante) de nuestra labor, lo que no nos preocupará una vez hecha la educación ciudadana de las gentes del campo.

Eso en cuanto a bondad. Y en punto a pureza de la propaganda, difícilmente se hallará algo más desinteresado. Es algo nuevo, algo incomprensible para el habituado a la *politiquería* en uso, esta predicación de una idea nueva y generosa a gentes a las cuales, si alguna vez se les habló, fue para explotarlas, y por hombres que se niegan a admitir cargo ni puesto alguno. Y ahí, cabalmente, está el secreto de nuestra fuerza: en la sinceridad.

